

## Faite público: simulación de estados de simulación

*Zaida Gómez / Julio Fernández Peláez*

Realizar unha simulación implica configurar o fenómeno desde a simplificación. Mediante a acotación de criterios, a arte de acción trata de crear modelos e actuar en contextos específicos para elaborar cuestións que afectan o conxunto dos individuos dunha sociedade. A arte como proceso experimental empúrranos cara a un labor *performativo* en que as accións xeradas cuestionan os modelos «xerais» mediante a execución de prototipos que diverxen do comportamento ecuménico.

En *Faite público* subxace unha hipótese: é posible construír unha canle de comunicación aberta caracterizada pola «exposición da verdade». A *simulación*, entendida aquí como imitación do real, non sería entón algo insalvable. Para a súa demostración sométese o prototipo a un proceso de exposición ao simulacro, á vez que se acepta a anomalía como parte inherente á acción, de xeito que a acción artística se sirva da súa propia evolución como fonte de coñecemento, tendente ao cuestionamento de paradigmas máis que á invención doutros novos.

Se a proposta inicial consiste en poñer en marcha unha canle baseada na sinceridade, a medida que a acción avanza esta énchese de disimilitude (*différance*). A propaganda do evento, especialmente a que se refire ao envío de correo masivo, ofrécelle ao receptor a posibilidade de acceder a un acto extraordinario. A enunciación de *real e mundial* non é incerta pero o seu uso hiperbólico e redundante pertence ás estratexias do simulacro. A busca de «emisores de verdade» segue un camiño paralelo. Disfrazados con perruca e lentes de sol, os *performers* reparten panfletos de sinceridade á vez que solicitan compromiso na emisión. A táctica é sinxela e consiste en utilizar a simulación en favor da sedución. A gravidade e a transcendencia quedan substituídas pola intriga e o xogo. Chégase así á creación dun estado liminal que escapa á aprehensible realidade pero que en ningún momento chega a ser ficción. Mediante a sedución, os voluntarios deixan información persoal a través dun cuestionario: foron capturados no interior do proceso de simulación. A pesar de que as preguntas parezan irrelevantes, hai nelas elementos abondos para construír trazos de personalidade significativos (fixeches dano deliberadamente?, abrazas a vida con paixón?). O simulacro adquire entón unha dimensión reveladora, convértese en verdade.

Chegada a hora da retransmisión, os datos extraídos das enquisas súmanse á imaxe do emisor. Este *faise público*, non só a través da súa acción senón ao permitir inconscientemente que se publique a información ofrecida. Máis alá da comprobación dunha hipótese —en función da sinceridade emitida— o experimento serviría para fabricar un modelo en que as actitudes de simulación se tensan ata abrir fendas de verdade que doutro xeito permanecerían invisibles.